

**ACTA**

|                       |                          |
|-----------------------|--------------------------|
| <b>Expediente nº:</b> | <b>Órgano Colexiado:</b> |
| JGL/2025/33           | A Xunta de Goberno Local |

**DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN**

|                          |                                   |
|--------------------------|-----------------------------------|
| <b>Tipo Convocatoria</b> | Ordinaria                         |
| <b>Data</b>              | 05 de setembro de 2025            |
| <b>Duración</b>          | Dende as 13:30 ata as 13:50 horas |
| <b>Lugar</b>             | Sala de Reunións                  |
| <b>Presidida por</b>     | Paula Mª Fernández Pena           |
| <b>Secretaria</b>        | Déborah García Suárez             |

**ASISTENCIA A SESIÓN**

| <b>Nome e Apelidos</b>          | <b>Asiste</b> |
|---------------------------------|---------------|
| Estefanía Taín Surribas         | SÍ            |
| Manuel Requeijo Rey             | SÍ            |
| María Asunción García Hernández | SÍ            |
| Mónica González Conde           | SÍ            |

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

**A) PARTE RESOLUTIVA****Aprobación da acta da sesión anterior: 29.08.2025****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 29 de agosto de 2025.

#### EXPEDIENTE 118/2021. DEVOLUCIÓN DE AVAL

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

En data 01.09.2025 con Rexistro de Entrada n.º 2025-E-RE-1607 por Juan Mallo Turnes en representación de UTE SILLEDA SOSTIBLE con C.I.F. U10733269 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantías definitivas anuais constituídas para responder do contrato de servizos denominado “CONTRATO DEL SERVICIO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E XESTIÓN DO PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE SILLEDA”.

Visto que a cláusula XXI do Prego de cláusulas administrativas establece que: “a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 110 LCSP. Dentro de ditos conceptos se inclúe o incumprimento por parte do contratista da obrigaón de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, prevista no artigo 196 LCSP.”

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Aprobar a devolución dos seguintes avais:

- Aval n.º: 673.186 de ABANCA por importe de 8.933,76 €. (nº entrada 570)
- Aval n.º: 9340.03.2502391-15 de CAIXABANK por importe de 8.933,76€. (nº entrada 571)

**Segundo.-** Notificar ao interesado o presente acordo.

#### Expediente 1024/2025. Ratificación Convenio Arquitecto Técnico Concello de Cambados.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Concello de Silleda**

Don Elías González Roma viña desempeñando as funcións de Arquitecto Técnico Municipal neste Concello tras superar o correspondente proceso selectivo convocado.

Con posterioridade, este traballador tamén acadou a praza de Arquitecto Técnico Municipal no Concello de Cambados.

Co obxectivo de garantir a continuidade, coherencia e axilidade na tramitación administrativa, propúxose a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e o Concello de Cambados que permita que Elías González Roma poida emitir, fóra da súa xornada laboral no Concello de Cambados, os informes técnicos finais relativos a expedientes que quedaron pendentes no Concello de Silleda e que estaban a ser revisados por este técnico.

Así, consta no expediente unha memoria de necesidade, asinada pola Alcaldesa o 04 de xullo de 2025, e o “Convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e o Concello de Cambados para a finalización de expedientes técnicos iniciados por Elías González Roma” asinado polo Alcalde de Cambados, Don Samuel Lago Ozón, o 08 de xullo de 2025, e pola Alcaldesa de Silleda, Dona Paula Mª Fernández Pena, o 09 de xullo de 2025.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Ratificar o texto do Convenio que consta como Anexo ó presente acordo.

**SEGUNDO.-** Facultar á Alcaldesa para asinar cantos documentos sexan precisos para poder levar a cabo a finalidade do acordado.

**TERCEIRO.-** De ser o caso, o presente convenio será remitido ao Tribunal de Contas e ao órgano equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **ANEXO TEXTO CONVENIO**

##### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E O CONCELLO DE CAMBADOS PARA A FINALIZACIÓN DE EXPEDIENTES TÉCNICOS INICIADOS POR ELÍAS GONZÁLEZ ROMA**

*En Silleda e Cambados, na data da sinatura electrónica*

##### **REUNIDOS**

*Dª Paula Fernández Pena, Alcaldesa do Concello de Silleda, e*

*D. Samuel Lago Ozón, Alcalde do Concello de Cambados,*

*Ambos actuando en virtude das facultades representativas que lles atribúe o artigo 21.1.a) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.*

*As partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente para subscribir o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,*

### **EXPOÑEN**

*I. Que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establece, no seu artigo 25.1, que os concellos deben promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.*

*II. Que entre ditas competencias se atopa a relativa ao urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, protección e xestión do patrimonio histórico, promoción e xestión da vivenda de protección pública, entre outras, materias que afectan substancialmente ao funcionamento do concello e ás súas relacións coa veciñanza.*

*III. Que o arquitecto técnico D. Elías González Roma, que viña prestando servizos como funcionario no Concello de Silleda, obtivo recentemente praza no Concello de Cambados, polo que deixou de desempeñar as súas funcións en Silleda.*

*IV. Que no momento do seu cesamento quedaban pendentes de resolución diversos expedientes técnicos, en moitos casos practicamente rematados, que requiren unha revisión final para a súa resolución definitiva.*

*V. Que a revisión deses expedientes por parte doutro persoal técnico implicaría demoras significativas debido á necesidade de retomar a análise e estudo de cada un deles, co conseguinte prexuízo para a veciñanza solicitante e para o funcionamento ordinario da administración municipal.*

*VI. Que, por razóns de eficiencia administrativa e para garantir a continuidade e axilidade na tramitación deses expedientes, o Concello de Silleda manifesta o seu interese en que D. Elías González Roma poida rematar voluntariamente o traballo pendente, de forma compatible co seu novo posto en Cambados.*

*VII. Que o Concello de Cambados amosa a súa disposición para colaborar, permitindo que dito técnico poida compatibilizar esta tarefa co seu novo destino, sempre que non interfira coas obrigas do seu posto actual.*

***En base a todo o exposto , considerándose as parte comparecentes con capacidade legal suficiente para subscribir o presente convenio***

### **ACORDAN**

*Que o Concello de Cambados preste a súa colaboración ao Concello de Silleda mediante a realización de funcións e tarefas relacionadas co servizo de urbanismo municipal por parte de D. Elías González Roma, Arquitecto Técnico Municipal, cuxo traballo se desenvolverá sen interferir coas obrigas do seu posto actual.*

### **ESTIPULACIÓNS**

***Primeira.- Competencia que exerce cada administración***

*Ambos Concellos exercen as súas competencias en base ao artigo 209 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, que permite a colaboración interadministrativa mediante convenios para o desempeño de funcións e tarefas por parte de persoal funcionario dunha entidade local noutra. Así mesmo, o artigo 25 da Lei 7/1985, de bases do réxime local, ampara esta colaboración para garantir unha xestión eficaz e a prestación dos servizos públicos.*

#### **Segunda.- Ámbito de aplicación e titularidade dos resultados obtidos**

*O presente convenio aplicarase exclusivamente aos expedientes urbanísticos iniciados por D. Elías González Roma durante o seu exercicio profesional no Concello de Silleda, e que se atopen pendentes de resolución. Os resultados, informes e demais documentación xerada serán titularidade do Concello de Silleda.*

#### **Terceira.- Obxecto**

*O presente convenio ten por obxecto artellar o instrumento de colaboración institucional entre os Concellos de Silleda e Cambados para que D. Elías González Roma, actual funcionario do Concello de Cambados, poida finalizar os expedientes técnicos que deixou abertos durante a súa etapa no Concello de Silleda, definidos na cláusula sexta deste convenio, durante un máximo de 25 horas ao mes fóra da súa xornada laboral.*

#### **Cuarta.- Servizos afectados**

*O servizo afectado será o de Urbanismo do Concello de Silleda, en concreto os expedientes pendentes de resolución técnica relacionados na cláusula sexta.*

#### **Quinta.- Persoal técnico asignado ao servizo**

*D. Elías González Roma, arquitecto técnico actualmente en servizo activo no Concello de Cambados, será o único persoal asignado para desenvolver as funcións previstas neste convenio.*

#### **Sexta.- Funcións e tarefas que desenvolverá o persoal asignado**

*O técnico desenvolverá exclusivamente as tarefas necesarias para finalizar os seguintes expedientes xa iniciados no Concello de Silleda:  
312/2024; 1842/2024; 1912/2024; 1025/2025; 219/2025; 453/2025; 482/2025 e 1036/2025*

#### **Sétima.- Vixencia do convenio**

*O convenio terá unha duración de 6 meses desde a data da sinatura, podendo ser prorrogado por acordo expreso de ambas partes.*

#### **Oitava.- Financiación e retribución do persoal**

*O Concello de Silleda aboará ao Concello de Cambados unha achega mensual de ata 700 euros (que inclúe o custo patronal de seguridade social), sen prexuízo dunha posible minoración desa cantidade se o resultado da liquidación mensual que se practique entre o Concello de Silleda e o traballador reflecta un*

número inferior de horas realmente traballadas. Os gastos imputaranse á aplicación 151-15000 do orzamento municipal vixente.

Dito importe será ingresado na conta bancaria do Concello de Cambados (IBAN ES25 2080 5021 5831 1000 6206) dentro dos cinco primeiros días de cada mes.

Á súa vez, D. Elías González Roma percibirá do Concello de Cambados a cantidade anteriormente sinalada na súa nómina mensual en concepto de retribución polos traballos desenvolvidos no marco deste convenio.

#### **Novena.- Extinción e incumprimento**

O presente convenio extinguirase:

- a) Polo transcurso do prazo fixado sen que se acorde a súa prórroga.
- b) Polo acordo expreso de ambas administracións.
- c) Polo incumprimento das obrigas asumidas.
- d) Por causas sobrevidas que impidan o seu cumprimento.

#### **Décima.- Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio**

Créase unha comisión de seguimento integrada por unha persoa representante de cada Concello asinante, coa finalidade de avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos, verificar a execución efectiva das tarefas asignadas e resolver as dúbidas ou conflitos interpretativos.

#### **Undécima.- Protección de datos**

As partes comprométense a cumprir a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, garantindo que o tratamento da información derivada da execución deste convenio se axustará á lexislación aplicable (Regulamento UE 2016/679 e Lei Orgánica 3/2018).

#### **Duodécima.- Remisión ao Tribunal de Contas**

O presente convenio será remitido ao Tribunal de Contas e ao órgano equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 8.3 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.

E para que así conste, asínase este convenio en dúas exemplares, un para cada parte, no lugar e data sinalados.

O ALCALDE DO CONCELLO DE CAMBADOS  
Samuel Lago Ozón  
A ALCALDESA DO CONCELLO DE SILLEDA  
Paula Fernández Pena”

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**